


O PEQUENO REI QUE SEMPRE TUSÍA

O Pequeno Rei naceu cunha enfermidade que lle impedía respirar ben e lle facía tusir moito. Isto non lle impediu crecer e converterse no taplú máis listo. Cada día, debía acudir ao médico e ao fisioterapeuta taplús e tomarse as súas menciñas... pero a cotío, o Pequeno Rei se cansaba da súa situación. Velaquí que unha mañá, o río apareceu seco. Non había auga, non había peixes! E os taplús comen moito peixe. Cómo podía salvar esta situación o Pequeno Rei enfermo?




MARIE-HÉLÈNE DELVAL/ SERGE BLOCH

O PEQUENO REI QUE SEMPRE TUSÍA




O Pequeno Rei non é alto, iso non.
E tampouco está precisamente gordo.
Pero é listo, iso si,
máis listo que calquera!
E por iso os taplús decidiron
que fose o seu rei.
O Pequeno Rei está contento de ser rei.
Pero, por desgraza,
iso non impide que siga tusindo.



Cando naceu o Pequeno Rei,
seus pais estaban tolos de alegría.
Era un «tapluso» tan encantador!
Pero velaquí que os médicos taplús
enseguida se deron conta
de que nacera
cunha enfermidade
que lle impedía respirar ben
e facíalle tусir a miúdo.
Era unha enfermidade
que non sabían como curar,
aínda que iso non impediu
que o pequeno taplú crecese
e se fixese moi listo,
tan listo que agora é
o rei dos taplús.




Si, o Pequeno Rei creceu ben,
a pesar de que era máis baixiño
que os demais taplús
e estaba máis delgadocho.
A súa enfermidade non lle deixaba
respirar ben, nin tampouco
dixerir ben. Ás veces, o ventre
do Pequeno Rei andaba
revolto, e tiña que ir correndo
ao baño, aínda que estivese
moi ocupado. E iso era
unha molestia.



O Pequeno Rei ten que comer moito, mesmo cando non ten demasiada fame. Por sorte, adoita ter bo apetito. E o que máis lle gusta son as fermosas troitas do río.

Unha mañá, o pescador taplú, que saíra a pescar moi cedo, regresou moi alterado. Decía: « No río non hai auga, nin unha gota de auga! E se non hai auga, tampouco hai peixes! ». Os taplús comen moito peixe. E ao Pequeno Rei encántanlle as troitas. Que facer?



O Pequeno Rei convocou aos seus ministros.

O médico taplú correu tras el:

-Maxestade, non vos esqueceriades de tomar as tres cápsulas de granulados?

O Pequeno Rei contestou enfadado:

-Pois claro, claro que as tomei.

Sabedes moi ben que nunca me esquezo de tomalas!

Por mor da súa enfermidade,

o Pequeno Rei non debe esquecerse nunca de tomar a súa medicación antes de comer.



Entón entraron o ministro
das Escolas e o dos Bonitos Traxes,
o ministro da Farmacia
e o das Cortes.

E logo entrou o ministro da Camorra,
refunfuñando como sempre.

Por moito que lle repitan
que a enfermidade do Pequeno Rei
non é contaxiosa,

NON É CONTAXIOSA!,

sempre ten medo de atrapala.

Por iso senta o máis lonxe posible
e tápase o nariz cun pano.

Iso non lle deixa falar,

pero os taplús non teñen intención
de pelexarse con ninguén.

Que o ministro da Camorra
quede caladiño!



Cando os ministros están sentados,
o Pequeno Rei suspira:

-Que podemos facer?

-Que podemos facer, si,
que podemos facer?- suspiran tras
el todos os ministros.

A continuación faise un gran
silencio, porque ninguén sabe como
conseguir que volvan a auga
e os peixes ao río.

E entón o Pequeno Rei ponse
a tusir. Claro que isto lle
ocorre a miúdo, pero agora
tuse e tuse. non pode parar!

Chega o médico taplú e
manda chamar ao
fisioterapeuta
taplú.



Normalmente, o fisioterapeuta taplú visítalle dúas veces ao día, pola mañá cedo, antes do almorzo, e pola noite, á hora de deitarse. Debido á súa enfermidade, os pulmóns do Pequeno Rei éñchense de flegmas que lle fan tusir. O que o fisioterapeuta taplú fai para que expulse estas flegmas alívalle, o Pequeno Rei sábeo. Pero é tan fastidioso! Entón, o Pequeno Rei ponse a berrar: -Non e non! Nada de fisioterapeuta taplú! Que enfadado está! E enfadarse aínda lle fai tusir máis. Pero o médico taplú non cede e fai vir ao fisioterapeuta taplú.



Mentres o fisioterapeuta taplú
está a presionarlle o peito
para que expulse as flegmas,
o Pequeno Rei ten unha idea.
Tuse, cospe e berra:
-Que ensillen o meu tagada!
Vou subir ata a fonte do río.
Seguro que se taponou algo,
como os meus pulmóns cando están
cheos desas flegmas!
O desatoarei e a auga correrá de novo.
Serei o fisioterapeuta taplú do río!
Os ministros exclamaron:
-Ah, Pequeno Rei, sodes verdadeiramente
o máis astuto dos taplús!



Sobre as costas do tagada ataron unhas bolsas cheas de provisións, pois así o decidiu o médico taplú:

-Pequeno Rei, tedes que levarvos un pequeno picnic.

Requeixo, asado frío, un pouco de arroz con plátanos, remolacha, ovos de paspallás e unhas froitas. Ah, si, e ademais unha friameira con macarróns. Sen esquecer as vosas cápsulas de granulados...

O Pequeno Rei promete:

-Estarei de volta á tardiña, e á tardiña haberá auga no río!




O Pequeno Rei cabalga
toda a mañá. Ao mediodía,
como ten moita fame,
detense para xantar
á sombra dunha groselleira
e non se esquece de tomar
as súas tres cápsulas de granulados.
Despois reemprende a marcha,
porque a fonte do río quizá
aínda estea lonxe,
e o Pequeno Rei quere
estar de volta para a cea.




De súpeto, o Pequeno Rei non se atopa demasiado ben. Sente ruídos no ventre, coma se tivese burbullas e nós no interior. E iso doe, ai, ai!
O Pequeno Rei vese obrigado a baixar do tagada e atopar rápido un recunchiño para facer as súas necesidades. E o que expulsa cheira horriblemente mal. «Polo menos aquí só molestará ás miñocas». E imaxínase ás miñocas arrastrándose sen poder taparse o nariz, porque non teñen patas, as pobres...
E esta idea faille rir.




O Pequeno Rei séntese moito mellor.
Pero, para cando por fin chega
ante unha gran roca, onde se detén
o leito do río, xa anoitece.
O Pequeno Rei pensa:
-Non estarei de volta para a cea.
Os meus ministros preocuparanse!
De todos os xeitos, a fonte do río
está aí, e esa gran roca tapouna.
O Pequeno Rei achégase
para ver mellor.



Entón, sente ás súas costas
unha especie de vento cálido.
Dase a volta e atópase
cara a cara cun animal
xigantesco.
-Quen... quen es?
-balbuce o Pequeno Rei.
O enorme animal bufa
polos seus enormes narices,
e o Pequeno Rei está
a piques de rodar
polo chan.




O animal muxe:
-Son o iaca-iacu.
Vivo preto do prado e estou moi enfadado.
O Pequeno Rei pregúntalle:
-Por que estás tan enfadado?
-Por culpa desta roca!
Esta mañá moveuse,
rodou e caeu.
E tapouno todo.
A auga da fonte xa non corre,
e eu morro de sede!
O Pequeno Rei di:
-É moi sinxelo, hai que empurrar
a roca, e entón a auga
volverá a correr!



O iaca-iacu ri a gargalladas:
-Que? Queres mover esta roca?
Pero é ENORME!
E ti es tan pequeno! Ha, ha, ha!
O Pequeno Rei replica:
-Non digo que eu vaia a mover esta roca!
Pero ti podes facelo, non?
-Eu? Que eu podo?
Hai que dicir que, aínda que o iaca-iacu
é fermoso, forte e grande,
non é moi astuto.
O Pequeno Rei dille:
-Pon as patas dianteiras aquí,
agacha a cabeza e empurra
coa fronte. Veña, empurra!
Empurra, vamos!



A roca móvese, vacila e roda!
A auga flúe da fonte
e descende en fervenza sobre o musgo
e as pedras. O iaca-iacu muxe:
-A beber, por fin!
Bebe e bebe, e cando xa bebeu
bastante, regresa ao prado,
esquecéndose por completo do Pequeno Rei.



Caeu a noite.
O Pequeno Rei cabalga con calma.
Pero moi pronto xa non ve nada.
Onde está o camiño? Onde está o río?
Se segue avanzando, perderase.
Entón decide deterse alí
e esperar a que chegue mañá.
Aníñase contra o costado da tagada
para durmir. Pero o frío da
noite faille tremer. E o Pequeno Rei
empeza a tusir.



No reino dos taplús,
os ministros están inquietos,
porque o seu Pequeno Rei non regresou
aínda. Antes de poñerse o sol, a auga
empeza de novo a correr no río,
pero o Pequeno Rei non volve.
Os ministros deciden entón
remontar o río. Hai que atopalo!
Póñense todos no camiño
ata o ministro da Camorra,
co seu pano no peto.
O fisioterapeuta taplú acompañaalles,
porque, se atopan ao Pequeno Rei,
seguramente o necesitará!



Aniñado contra o seu tagada,
o Pequeno Rei síntese
moi desgraciado. Ten frío e tuse.
Oh, como tuse! E pensa:
«O fisioterapeuta taplú xa mo
dixo. Tería que aprender
a facer eu só os exercicios necesarios
para expulsar as flegmas!».
E continúa tusindo e tusindo.
No camiño, o ministro da Camorra,
que ten o oído moi fino,
di de súpeto:
-Escoitade, óese tusir!
É o noso Pequeno Rei! Vén de alí!
E todos parten ao galope.
O ministro da Camorra,
por prudencia, tápase o nariz
cun pano.



O sol está alto no ceo
cando deixan ao Pequeno Rei en casa.
Como pasou moito frío,
agora ten febre.
O médico taplú achégase:
-Síntoo moito, Maxestade,
pero debo poñervos unha inxección.
Collestes frío e...
O Pequeno Rei refunfuña:
-Seino, seino. Poñédeme a inxección.
Despois dádmeme os meus granulados
e dicídelle ao fisioterapeuta taplú
que hoxe veña tres veces.
Paréceme que vou necesitalo!



Os ministros tamén se achegan
e dinlle:

-Maxestade, sodes o máis valente
dos taplús! Grazas a vos,
o río volve ter auga.

E poderedes comer troitas!

O ministro da Camorra engade:

-Por sorte oímosvos tusir, Maxestade!
E todo o mundo pode ver o seu sorriso,
porque, por primeira vez,
o ministro da Camorra
non se tapou o nariz co pano.

